

ASUNTO SIF (VERIFACTU) ENTIDADES ACOLLIDAS O IMPOSTO DE SOCIEDADES

2025-11-14

Recordamos que dende 1 de xaneiro do 2026 estarase obrigado a ter un Software de Facturación que cumpra cos requisitos e normas do denominado SIF-VERIFACTU. Ante esta obriga pode atoparse nos seguintes casos:

- Si vostede xa ten un programa de Facturación que quere manter, deben de formarse de como xestionar e funcionar correctamente con él, e tamén asegurarse de que conta cos requisitos que se esixen a normativa e que así llo deben de acreditar co certificado correspondente.

- Si non ten programa, debese de estudar que posición lle pode convir máis: a) adquirir un programa novo que nos lle podemos recomendar a baixa custe e facilita envío de datos á Asesoría; b) Seguir mantendo a facturación como viña facendo ata agora nos casos de poucas facturas con pouco contido, c) Facelo co programa que facilita a AEAT.

- Sí só está obrigado a emitir facturas cando o solicite o cliente o responsable de cada cliente se irá pondo en contacto de aquí ao remate de ano para ir vendo a sua situación e acordar a mellor solución a adoptar.

Unha vez acordado que Sistema seguir, informaremos de acollerse A Modalidade VERI*FACTU, que é a que recomendamos, ou si hai razóns para non facelo.

APROVEITAMOS, para recordar a outra obriga establecida na Lei antifraude 11/2021, que xa foi comunicada no seu día, de non usar nin ter programas de Facturación, contabilidade e xestión que non faciliten a integridade, conservación, accesibilidade, flexibilidade, trazabilidade e inalterabilidade dos rexistros, nos equipos, servidores locais ou virtuais da empresa, nos que só debe haber documentos e datos oficiais da empresa.